




2018

CADRO DE
MANDO




Transferencia Desenvolvemento
Singularidade
Cooperación Impacto social



1. ÍNDICE DE CONTIDOS.

1. ÍNDICE DE CONTIDOS.	2
1. INTRODUCCIÓN. QUE É A AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CITEEC?	4
2. ENFOQUE ESTRATÉXICO	6
2.1. MISIÓN	6
2.2. VISIÓN	6
2.3. VALOR	6
3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	8
4. EIXOS DE ACTUACIÓN	10
5. PRIORIDADES CIENTÍFICAS	12
5.1. Prioridade 1: Preservación e mellora do medio ambiente e adaptación ao cambio climático e global	12
5.2. Prioridade 2: Xestión sustentable de recursos hídricos, enerxéticos e economía circular	12
5.3. Prioridade 3: Deseño Estrutural Eficiente en Edificación	13
5.4. Prioridade 4: Deseño estrutural eficiente e sustentable. Enxeñaría do vento e aeronáutica	14
5.5. Prioridade 5: Integración de Sistemas e Deseño Eficiente en Enxeñaría Costeira, Portuaria, e do Transporte para unha mobilidade sustentable	14
5.6. Prioridade 6: Deseño, desenvolvemento e monitorización de materiais, procesos e construcións innovadores, seguros, durables e sustentables	15
5.7. Prioridade 7: Simulación Numérica de Problemas de Enerxía Relacionados ca xestión innovadora e sustentable dos recursos naturais, e co impulso e mellora da competitividade industrial, da economía do coñecemento e da calidade de vida	16
6. ACTIVIDADES	19



1

INTRODUCCIÓN

1. Introducción. Que é a Agrupación Estratéxica CITEEC?

Trátase do único polo de excelencia en I+D+i e transferencia singular do Sistema Universitario Galego no ámbito da enxeñaría civil.

A Agrupación Estratéxica do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (A-CITEEC) é unha iniciativa de agregación de oito grupos de investigación da Universidade da Coruña.

Pretende mellorar e intensificar a investigación e a transferencia de coñecemento no ámbito da enxeñaría e edificación sustentables co obxectivo de fomentar o benestar das persoas, o desenvolvemento económico e a optimización dos servizos ecosistémicos.

Emprega como ferramentas a análise experimental altamente tecnificada e a análise numérica.

Alíñase cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), as prioridades da Estratexia RIS3, da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e Innovación 2013-2020 e da Estratexia Europea no H2020.

2

ENFOQUE ESTRATÉXICO

2. Enfoque Estratéxico

2.1. MISIÓN

Ser unha estrutura que fomente o potencial investigador e que proporcione aos seus integrantes novas oportunidades de investigación e transferencia a nivel nacional e internacional vinculados coa enxeñaría civil e coa edificación a través dunha estreita colaboración co tecido empresarial asociado, retendo e captando talento investigador e ofrecendo unha contorna de investigación referente a nivel nacional e internacional.

2.2. VISIÓN

Converter a Agrupación CITEEC no principal instrumento investigador de mellora da competitividade dos sectores estratéxicos da economía de Galicia vinculados á enxeñaría civil e edificación sustentables, con impacto social, ambiental e económico, implicando aos devanditos sectores na propia Actividade da agrupación e converténdose de este modo en aliados estratéxicos da Actividade investigadora e de transferencia tecnolóxica.

2.3. VALOR

Fomentar o desenvolvemento dunha enxeñaría civil e edificación sustentables cunha contribución clara á mellora do medio ambiente proxectos de investigación e transferencia que, a) valoricen o talento humano investigador, b) favorezan a perspectiva de xénero e c) redunden nunha mellora da competitividade das empresas e na xeneración de riqueza, contribuíndo ao desenvolvemento local e retornando á sociedade os recursos que achega á Universidade da Coruña e ao propio CITEEC.

3

OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

3. Obxectivos Estratéxicos

Son 6 os obxectivos estratéxicos da agrupación:

- **Obxectivo 1:** Reforzar a incorporación de talento predoctoral e postdoctoral a nivel nacional e internacional.
- **Obxectivo 2:** Alcanzar un posicionamento internacional acorde á capacidade científico-tecnolóxica da agrupación.
- **Obxectivo 3:** Acadar a sustentabilidade económica e a autonomía financeira da agrupación CITEEC.
- **Obxectivo 4:** Dotar á agrupación dunha estrutura de gobernanza áxil e integradora.
- **Obxectivo 5:** Reforzar o posicionamento e a notoriedade da marca "CITECC".
- **Obxectivo 6:** Potenciar a investigación na área de enxeñaría civil e edificación dende unha perspectiva sustentable e con impacto científico recoñecible.

4

EIXOS DE ACTUACIÓN

4. Eixos de Actuación

A Agrupación presenta os seguintes 8 obxectivos específicos:

- **1-Investigación:** será un dos eixos de actuación fundamentais da agrupación, fomentando aquela de carácter máis inter e multidisciplinar.
- **2-Recursos humanos:** reforzo da capacidade científica asociada á agrupación así como das colaboración externas.
- **3-Xestión e gobernanza:** establecendo as bases organizativas e de funcionamento dunha estrutura investigadora supra-grupo.
- **4-Formación:** orientado a aumentar e mellorar o talento e as capacidades científicas e investigadoras da agrupación
- **5-Transferencia:** centrado na potenciación da valorización dos resultados de investigación e no reforzo da relación, xa intensa, co tecido empresarial.
- **6-Comercialización:** establecendo unha estratexia conxunta para a disposición dos servizos científico – tecnolóxicos.
- **7-Internacionalización:** apostando por unha maior presenza e recoñecemento externo internacional da Agrupación CITEEC.
- **8-Comunicación e Difusión:** impulsando unha estratexia comunicativa que axude a posicionar o CITEEC na sociedade en xeral.

5

PRIORIDADES CIENTÍFICAS

5. Prioridades Científicas

5.1. Prioridade 1: Preservación e mellora do medio ambiente e adaptación ao cambio climático e global

Esta prioridade desenvolverá coñecemento que contribúa a unha maior sustentabilidade do medio ambiente e do patrimonio construído, e a lograr unha maior resiliencia fronte os riscos do cambio climático fundamentalmente.

Entre as liñas de traballo a potenciar a priori atópanse as seguintes:

- Restauración e reconversión de espazos degradados e en desuso (espazos industriais, fábricas abandonadas, canteiras, vías ferroviarias, etc.)
- Modelos climáticos e oceanográficos e o seu uso na predición de riscos e na toma de decisións.
- Modelos de planificación e rexeneración urbana e costeira para espazos públicos máis resilientes a fenómenos climáticos extremos.
- Adaptación de infraestruturas a fenómenos climáticos extremos e ás consecuencias do cambio climático.
- Estudio e solucións vinculadas ás infraestruturas e a biodiversidade e a xestión de recursos naturais.

5.2. Prioridade 2: Xestión sustentable de recursos hídricos, enerxéticos e economía circular

É prioritario desenvolver investigación que contribúa a impulsar os usos sustentables dos recursos hídricos e mellorando a súa dispoñibilidade e saneamento, favorecer o acceso á enerxía, especialmente as sustentables que faciliten a transición enerxética, e preservar e mellorar o medio ambiente con actuacións que aporten resiliencia fronte aos riscos do cambio climático fundamentalmente.

Entre as liñas de investigación a impulsar dende a agrupación atópanse as seguintes:

- Desenvolvemento de métodos e técnicas para o uso sustentable dos recursos hídricos de forma ordenada e integrada, mantendo un bo estado cuantitativo, químico e ecolóxico das augas.
- Reutilización de augas, impulsando solucións baseadas na natureza; Monitorización e control de contaminantes.
- Análise de modelos de redución de demanda enerxética, identificación de fontes alternativas de enerxías renovables e modelos de xestión local de recursos renovables.
- Desenvolvemento urbano sensible á auga (DUSA) e potenciación de sistemas urbanos de drenaxe sustentable (SUDS).
- Deseño e produción de produtos circulares, incluíndo a xestión de residuos e augas residuais que xeren novas oportunidades innovadoras de crecemento económico.
- Desenvolvemento de sistemas enerxéticos eficientes.
- Sistemas de almacenamento, transporte e xestión intelixente da auga e outros recursos.

5.3. Prioridade 3: Deseño Estrutural Eficiente en Edificación

O obxectivo dun deseño estrutural eficiente é perseguido a través dunha dobre vía. Por unha banda, mediante o uso de materiais ecoeficientes como a madeira. Por outra banda, a través dun deseño de sistemas e propostas estruturais que reducen o consumo de material.

As liñas de investigación que mellorarán esta prioridade son dúas:

- Deseño de forxados de alto rendemento mediante sistemas mixtos ou compostos de madeira e formigón
- Deseño de estruturas modulares de luz e/ou despregables adecuadas para a execución de solucións habitacionais de emerxencia.

5.4. Prioridade 4: Deseño estrutural eficiente e sustentable. Enxeñaría do vento e aeronáutica

Esta prioridade científica concéntrase na aplicación de técnicas de análise computacional e experimental que conduzan á optimización de pontes de gran vano e de estruturas de enxeñaría aeroespacial. Tamén doutras estruturas onde a enxeñaría do vento é decisiva como son as torres de aeroxeradores. Esta prioridade centrarase no estudio das cargas estáticas, dinámicas e aerodinámicas non estacionarias, así como a fiabilidade en réxime probabilista para garantir a súa sustentabilidade.

No marco desta prioridade potenciaranse as seguintes liñas fundamentalmente:

- Optimización de estruturas. Fiabilidade de estruturas
- Enxeñaría de pontes de gran vano
- Aeroelasticidade, estruturas aeronáuticas, estudos de impacto en enxeñaría aeronáutica. Estructuras de soporte para a xeración de enerxía eólica;
- Estudos de crashworthiness en enxeñaría do automóbil
- Enxeñaría sísmica

5.5. Prioridade 5: Integración de Sistemas e Deseño Eficiente en Enxeñaría Costeira, Portuaria, e do Transporte para unha mobilidade sustentable

O consumo de tempo, de enerxía e a pegada ecolóxica xerada converten o transporte nunha das necesidades con maior impacto sobre o medio natural e os seus recursos. O transporte marítimo é o que move mais toneladas no mundo, e require por iso infraestruturas costeiras e portuarias eficientes, seguras, e ben conectadas que as infraestruturas e modos de transporte terrestres, aéreos e fluviais. O reto da mobilidade intelixente, segura e

sustentable, e todas as súas implicacións na enxeñaría, é o eixo científico desta prioridade.

Entre as liñas de traballo que a desenvolver nesta prioridade están as seguintes:

- Desenvolvemento de enfoques integrados de mobilidade que inclúan redes de transporte e planificación territorial integrada.
- Tecnoloxías para o desenvolvemento dun modelo de transporte sustentable
- Modelos de sistemas e rutas de transporte intelixente que melloren a xestión e operación de redes de transporte
- Planificación territorial para a mobilidade sustentable a través de infraestrutura verde e que desenvolva oportunidades para o transporte multimodal
- Ferramentas expertas para o modelado, a planificación, a xestión e a avaliación de plans de mobilidade
- Deseño e optimización funcional e estrutural de estruturas portuarias e de protección costeira; Identificación de umbrais de movemento límite en peirao e de seguridade en dique por rebase
- Tecnoloxías innovadoras e instrumentación en estruturas portuarias e modelo físico
- Caracterización de dinámicas mariñas: nivel do mar, ondas, correntes, ...; Dinámica litoral e degradación de estruturas costeiras, fluviais e rías
- Xestión visual de equipamentos, infraestruturas e territorio; Eficiencia enerxética en buques

5.6. Prioridade 6: Deseño, desenvolvemento e monitorización de materiais, procesos e construcións innovadores, seguros, durables e sustentables

A través desta prioridade afróntase o reto de crear arquitecturas residenciais, industriais e infraestruturas robustas, resilientes, durables e sustentables. Nútrese dos dous Campus Especializados, Innova e

Sustentabilidade, encaixa cós retos 1 e 2 de RIS3, e constitúe un dos trazos fundamentais do programa H2020 a través da Cidade do Futuro.

Acada todos os procesos vencellados á construción, é dicir, o prantexamento, a concepción, a selección e desenvolvemento de materiais, a simulación, a execución, o uso, a xestión e a reintegración.

Entre as liñas de traballo que a desenvolver, a priori considéranse as seguintes:

- Análise experimental e numérico de estruturas
- Seguridade estrutural
- Edificación pasiva e bioclimática baseada en solucións construtivas adaptadas ao clima atlántico e materiais locais
- Tecnoloxías da construción, fiabilidade e deseño óptimo
- Eco-materiais e novos materiais de baixo impacto ambiental
- Adaptación de infraestruturas para o cambio climático
- Edificación sustentable con criterios de eficiencia enerxética que leven á redución de emisións e á pegada ecolóxica
- Simulación eficiente do ciclo de vida completo da construción, Monitorización do medio natural, do patrimonio construído e dos procesos industriais

5.7. Prioridade 7: Simulación Numérica de Problemas de Enerxía Relacionados ca xestión innovadora e sustentable dos recursos naturais, e co impulso e mellora da competitividade industrial, da economía do coñecemento e da calidade de vida

O CITEEC apóiase fortemente na experimentación como fonte de coñecemento, mais esta característica fai necesario dispoñer de ferramentas de simulación numérica. Grazas a combinación de ambos recursos poden deseñarse ensaios eficaces que revertan na mellora dos modelos predictivos.

A maioría de grupos participantes nesta proposta dispoñen de tecnoloxía para a simulación, aínda que neste campo destaca a actividade do grupo (GMNI). Entre as liñas que esta prioridade desenvolverá están todas as expostas anteriormente, abordadas mediante simulacións numéricas baseadas en modelos físico-matemáticos, os estudos de optimización en todas as ramas do coñecemento, e mesmo algunhas aliñadas co reto 3 de RIS3, é dicir, o desenvolvemento de modelos vencellados ás ciencias da saúde e a calidade de vida (crecemento de tumores, fluxo sanguíneo,...).

Entre as liñas de investigación a impulsar dende a agrupación atópanse as seguintes:

- Deseño óptimo de instalacións e sistemas enerxéticos off-shore con mecánica computacional ultraprecisa;
- Formulación computacional de optimización estrutural e aeroelástica de taboleiros de dobre caixón nas pontes de gran luz con fluxo turbulento e incertidumbres mecánicas;
- Cálculo probabilístico de inundacións con modelos hidrolóxicos a partir de estimacións de radar;
- Modelos computacionais da microvasculatura do cancro: descifrando a topoloxía e capacidade de transporte das redes de capilares inducidas por tumores.



6

ACTIVIDADES



Agrupación estratégica
Centro de Innovación Tecnológica
en Edificación e Enxeñaría Civil

6. Actividades

O plan de Actividades estruturase nas seguintes 2 Actividades transversais estratéxicas e 20 Actividades específicas:

- **Actividade 1:** Plan Estratéxico da Agrupación
- **Actividade 2:** Programa Científico da Agrupación
- **Actividade 3:** Grupos de traballo multidisciplinares para identificar ámbitos de mellora e aproveitamento de sinerxias.
- **Actividade 4:** Desenvolvemento de iniciativas conxuntas en cada unha das liñas de investigación.
- **Actividade 5:** Constitución dunha unidade técnica para o apoio na elaboración e presentación de memorias de proxectos.
- **Actividade 6:** Atracción de talento postdoutoral e predoutoral a nivel internacional cun perfil que se adecúe ás liñas de investigación da Agrupación.
- **Actividade 7:** Constitución do Comité Científico Asesor Externo definindo a relación de axentes.
- **Actividade 8:** Constitución do equipo de xestión.
- **Actividade 9:** Deseño dun plan de formación para investigadores/as.
- **Actividade 10:** Posta en marcha de cursos de formación específicos para investigadores/as.
- **Actividade 11:** Definición dun catálogo de produtos/servizos da Agrupación.
- **Actividade 12:** Realización de seminarios, info-days e xornadas demostrativas de portas abertas.

- **Actividade 13:** Constitución dunha unidade técnica para o apoio nas labores de transferencia e comercialización.
- **Actividade 14:** Identificación de proxectos con potencial para a creación de spin-offs.
- **Actividade 15:** Estratexia de comercialización conxunta da Agrupación.
- **Actividade 16:** Liña permanente de relación industrial CITEEC.
- **Actividade 17:** Participación de investigadores de prestixio internacional na Agrupación.
- **Actividade 18:** Incremento da participación en proxectos de ámbito internacional.
- **Actividade 19:** Deseño da páxina web da Agrupación. Perfis en redes sociais.
- **Actividade 20:** Dinámicas internas de colaboración entre os grupos da Agrupación.
- **Actividade 21:** Elaboración de Materiais promocionais e informativos.
- **Actividade 22:** Constitución dunha unidade técnica para o apoio nas labores de comunicación e difusión.

Actividade 1: Plan Estratéxico da Agrupación

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Todos	EIXO DE ACTUACIÓN	Todos
------------------------------	-------	--------------------------	-------

DESCRICIÓN	Elaboración do plan estratéxico da agrupación CITEEC.
-------------------	---

INDICADORES	1 Plan Estratéxico realizado
--------------------	------------------------------

RESPONSABLES	Comité Executivo
---------------------	------------------

CRONOGRAMA	ANO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 2: Programa Científico da Agrupación

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Todos	EIXO DE ACTUACIÓN	Todos
------------------------------	-------	--------------------------	-------

DESCRIPCIÓN	Elaboración do programa científico da agrupación CITEEC.
--------------------	--

INDICADORES	1 Programa Científico
--------------------	-----------------------

RESPONSABLES	Comité Científico da Agrupación
---------------------	---------------------------------

CRONOGRAMA	ANO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 3: Grupos de traballo multidisciplinares para identificar ámbitos de mellora e aproveitamento de sinerxias.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Potenciación da investigación	EIXO DE ACTUACIÓN	INVESTIGACIÓN
------------------------------	-------------------------------	--------------------------	---------------

DESCRICIÓN	<p>Para garantir unha investigación de calidade e innovación con impacto internacional, a Agrupación apostará por unha investigación multidisciplinar que xere áreas de coñecemento excelente e híbridas entre os grupos de investigación en liña coa axenda científica descrita.</p> <p>A organización apostará pola creación de grupos de traballo multidisciplinares en función das súas liñas de investigación.</p>
-------------------	---

INDICADORES	6 grupos de traballo multidisciplinares.
--------------------	--

RESPONSABLES	Comité Científico
---------------------	-------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 4: Desenvolvemento de iniciativas conxuntas en cada una das liñas de investigación.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Potenciar a investigación	EIXO DE ACTUACIÓN	INVESTIGACIÓN
------------------------------	---------------------------	--------------------------	---------------

DESCRICIÓN	A creación dos grupos de traballo multidisciplinares descritos anteriormente, favorecerá que xurdan iniciativas conxuntas entre os/as investigadores/as. Isto permitirá un maior aproveitamento dos recursos para a xestión de proxectos reducindo considerablemente a carga administrativa dos grupos integrantes da Agrupación.
-------------------	---

INDICADORES	5 iniciativas en colaboración.
--------------------	--------------------------------

RESPONSABLES	Comité Científico
---------------------	-------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 5: Constitución dunha unidade técnica para o apoio na elaboración e presentación de memorias de proxectos.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Potenciar a investigación	EIXO DE ACTUACIÓN	INVESTIGACIÓN
------------------------------	---------------------------	--------------------------	---------------

DESCRICIÓN	A unidade estará representada por unha persoa con perfil de xestor e as súas funcións centraranse no apoio aos/ás investigadores/as para a presentación de memorias de proxectos, priorizando os de ámbito internacional.
-------------------	---

INDICADORES	1 unidade técnica de xestión creada Contratación de persoal con perfil de xestor.
--------------------	--

RESPONSABLES	Coordinador
---------------------	-------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 6: Atracción de talento postdoutoral e predoutoral a nivel internacional cun perfil que se adecúe ás liñas de investigación da Agrupación.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Reforzar a incorporación de talento	EIXO DE ACTUACION	RECURSOS HUMANOS
------------------------------	-------------------------------------	--------------------------	------------------

DESCRICIÓN	Poñeranse en marcha accións orientadas a atraer talento investigador en condicións competitivas, especialmente do ámbito internacional, tanto investigadores en formación como postdoutorais consolidados.
-------------------	--

INDICADORES	1 programa de atracción de investigadores/as.
--------------------	---

RESPONSABLES	Comité Executivo
---------------------	------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
PREVISTO						
REAL						

Actividade 7: Constitución do Comité Científico Asesor Externo definido a relación de axentes.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Dotar a agrupación dunha estrutura de gobernanza	EIXO DE ACTUACIÓN	XESTION E GOBERNANZA
------------------------------	--	--------------------------	----------------------

DESCRICIÓN	O Comité Científico Asesor Externo estará formado polos principais axentes institucionais e empresariais de recoñecido prestixio que conforman o ecosistema da Agrupación. Para isto, iniciarase un proceso de invitación para a súa adhesión por un período de dous anos, formar parte deste Comité a un número representativo relevante para a Agrupación. Achégase cartas de compromiso dos contactos xa iniciados.
-------------------	--

INDICADORES	1 Comité Científico Asesor Externo constituído
--------------------	--

RESPONSABLES	Comité Executivo e Comité Científico
---------------------	--------------------------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 8: Constitución do equipo de xestión.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Dotar a agrupación dunha estrutura de gobernanza	EIXO DE ACTUACIÓN	XESTIÓN E GOBERNANZA
------------------------------	--	--------------------------	----------------------

DESCRICIÓN	Para fortalecer a visibilidade da Agrupación, aumentar o grao de incidencia na sociedade e xerar un maior impacto na Actividade empresarial, constituirase o equipo de xestión que estará formado por tres unidades técnicas : investigación, transferencia e comunicación. Estas unidades responden ás necesidades de xestión que a Agrupación ten nestes tres ámbitos.
-------------------	--

INDICADORES	1 equipo de xestión formada por tres unidades técnicas creado: investigación, transferencia e comunicación.
--------------------	---

RESPONSABLES	Coordinador
---------------------	-------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 9: Deseño dun plan de formación para investigadores/as.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Potenciar a investigación	EIXO DE ACTUACIÓN	FORMACIÓN
------------------------------	---------------------------	--------------------------	-----------

DESCRICIÓN	Para facilitar o desenvolvemento profesional dos/as investigadores/as faise necesario deseñar un plan de formación continua e de excelencia. Para isto é preciso identificar aquelas necesidades formativas dos integrantes e establecer dinámicas que vaian encamiñadas á mellora da formación dos/as investigadores/as de acordo ás prioridades da Agrupación.
-------------------	--

INDICADORES	1 Plan de formación da Agrupación elaborado
--------------------	---

RESPONSABLES	Comité Executivo
---------------------	------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 10: Posta en marcha cursos de formación específicos para investigadores/as.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Potenciar a investigación	EIXO DE ACTUACIÓN	FORMACIÓN
------------------------------	---------------------------	--------------------------	-----------

DESCRICIÓN	A Agrupación considera prioritario proporcionar aos/ás seus/súas investigadores/as os medios necesarios para o desenvolvemento daquelas capacidades e destrezas que respondan ás necesidades tanto da Actividade empresarial como científica do ámbito da enxeñaría civil e edificación sustentables. Ademais das accións formativas que desenvolva directamente a Agrupación tamén se apoiará na asistencia de investigadores especializados.
-------------------	--

INDICADORES	<ul style="list-style-type: none"> - 3 cursos de formación específicos organizados - Participación 4 accións de formación específicos externos
--------------------	--

RESPONSABLES	Coordinador
---------------------	-------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 11: Definición dun catálogo de produtos/servizos da Agrupación.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Reforzar o posicionamento e notoriedade	EIXO DE ACTUACIÓN	COMERCIALIZACIÓN E TRANSFERENCIA.
------------------------------	---	--------------------------	-----------------------------------

DESCRICIÓN	Esta Actividade consiste na creación dun recurso permanente actualizado que dea a coñecer un conxunto de produtos e servizos que é posible desenvolver a través das capacidades, medios e infraestuturas coas que conta a Agrupación. Este catálogo irá orientado ás institucións, empresas e outros organismos susceptibles de colaboración coa Agrupación. Estará dispoñible en varios idiomas en formato electrónico e papel.
-------------------	--

INDICADORES	-1 Catálogo de produtos e servizos.
--------------------	-------------------------------------

RESPONSABLES	Coordinador
---------------------	-------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
PREVISTO						
REAL						

Actividade 12: Realización de seminarios, info-days e xornadas demostrativas de portas abertas..

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Reforzar o posicionamento e notoriedade	EIXO DE ACTUACIÓN	COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN e TRANSFERENCIA
------------------------------	---	--------------------------	---

DESCRICIÓN	Actividade orientada a poñer en valor os resultados de investigación da Agrupación a través de diferents accións dirixidas especialmente ás empresas, institucións e outros axentes do sistema de ciencia a nivel nacional e internacional. Realizaranse seminarios específicos, info-days temáticos e xornadas demostrativas de portas abertas entre outras.
-------------------	---

INDICADORES	-10 eventos de valoración de resultados de investigación realizados.
--------------------	--

RESPONSABLES	Coordinador
---------------------	-------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 13: Constitución dunha unidade técnica para o apoio nas labores de transferencia e comercialización.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Acadar a sustentabilidade económica e autonomía financeira	EIXO ACTUACIÓN	COMERCIALIZACIÓN E TRANSFERENCIA
------------------------------	--	-----------------------	----------------------------------

DESCRICIÓN	A unidade estará representada por unha persoa con perfil técnico orientada a dar soporte ás actuacións conxuntas de transferencia e comercialización da Agrupación.
-------------------	---

INDICADORES	- 1 unidade técnica de xestión creada -Contratación de persoal con perfil de transferencia e comercialización.
--------------------	---

RESPONSABLES	Comité Executivo
---------------------	------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
PREVISTO						
REAL						

Actividade 14: Identificación de proxectos con potencial para a creación de spin-offs.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Acadar a sustentabilidade económica e autonomía financeira	EIXO ACTUACIÓN	TRANSFERENCIA
------------------------------	--	-----------------------	---------------

DESCRIPCIÓN	En liña co anterior, dende a Agrupación apoiarase a creación de spin-offs ou outros proxectos de emprendemento para a valorización de resultados e capacidades de investigación. Para iso farase unha análise daqueles proxectos que teñan potencial.
--------------------	---

INDICADORES	-2 proxectos identificados con potencial para a creación de spin-offs ou similar.
--------------------	---

RESPONSABLES	Comité Executivo e Coordinador
---------------------	--------------------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 15: Estratexia de comercialización conxunta da Agrupación.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Acadar a sustentabilidade económica e autonomía financeira e Acadar un posicionamiento internacional acorde á capacidade da Agrupación.	EIXO DE ACTUACIÓN	COMERCIALIZACION
------------------------------	---	--------------------------	------------------

DESCRICIÓN	En liña co coordinador e o Comité Executivo da Agrupación, definirase unha estratexia de comercialización conxunta centrada na Axenda Cinética definida. Entre as accións estará a participación en eventos sectoriais, foros especializados, etc.
-------------------	--

INDICADORES	-1 documento coa estratexia de comercialización definida. -5 accións de comercialización conxunta da agrupación realizados.
--------------------	--

RESPONSABLES	Comité Executivo e Coordinador
---------------------	--------------------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 16: Liña permanente de relación industrial CITEEC.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Acadar a sustentabilidade económica e autonomía financeira. Reforzo do posicionamento da marca CITEEC	EIXO DE ACTUACIÓN	COMERCIALIZACIÓN E TRANSFERENCIA
------------------------------	---	--------------------------	----------------------------------

DESCRICIÓN	Os grupos que constitúen a Agrupación teñen unha importante relación con empresas de diferentes sectores que pode ser aínda máis intensificada para a procura de sinerxias e novas colaboracións. Por iso, será impulsada unha estratexia que permita unha escoita activa das necesidades das empresas a través de visitas e encontros con empresas de diferentes sectores.
-------------------	---

INDICADORES	40 empresas en contacto coa Agrupación.
--------------------	---

RESPONSABLES	Comité Executivo
---------------------	------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
PREVISTO						
REAL						

Actividade 17: Participación de investigadores de prestixio internacional na Agrupación.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Reforzo do posicionamento e a notoriedade do CITEEC	EIXO DE ACTUACIÓN	INTERNACIONALIZACIÓN
------------------------------	---	--------------------------	----------------------

DESCRICIÓN	<p>A internacionalización articularase a través de varias accións, como son:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Participación no Comité Asesor Científico Externo. -Estancias de investigadores visitantes.
-------------------	--

INDICADORES	- 10 investigadores de prestixio internacional involucrados coa Agrupación.
--------------------	---

RESPONSABLES	Comité Científico e Comité Executivo
---------------------	--------------------------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 18: Incremento da participación en proxectos de ámbito internacional.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Acadar un posicionamiento internacional acorde as capacidades de CITEEC. Reforzar o posicionamento e a notoriedade	EIXO DE ACTUACIÓN	INVESTIGACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN
------------------------------	--	--------------------------	--------------------------------------

DESCRICIÓN	O incremento da participación dos membros da Agrupación en proxectos de ámbito internacional e unha prioridade fundamental. Por iso, establécese a necesidade de incrementar a participación en proxectos europeos, fundamentalmente H2020 en tópicos relacionados cos ámbitos científicos da Agrupación anteriormente descritos.
-------------------	---

INDICADORES	-3 proxectos de investigación europeos con participación da Agrupación.
--------------------	---

RESPONSABLES	Comité Executivo e Comité Científico					
CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 19: Deseño da páxina web da Agrupación. Perfis en redes sociais.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Reforzar o posicionamento e notoriedade da Agrupación	EIXO DE ACTUACIÓN	COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN
------------------------------	---	--------------------------	-------------------------

DESCRICIÓN	Na estratexia de comercialización e atracción de novos aliados, desenvolverase unha páxina específica da Agrupación, dispoñible en varios idiomas e orientada a dar a coñecer capacidades, proxectos singulares e as Actividades da agrupación. Articularase unha coordinación efectiva coa actualmente dispoñible polo CITEEC. Tamén se elaborará 1 ou 2 perfís en redes sociais.
-------------------	--

INDICADORES	-1 páxina web creada. -1 perfil en redes sociais creado.
--------------------	---

RESPONSABLES	Coordinador
---------------------	-------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
PREVISTO						
REAL						

Actividade 20: Dinámicas internas de colaboración entre os grupos da Agrupación.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Dotar a agrupación de estruturas de gobernanza	EIXO DE ACTUACIÓN	COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN
------------------------------	--	--------------------------	-------------------------

DESCRICIÓN	Acción orientada a establecer unha dinámica colaborativa e continua a través da organización de xorandas internas informativas, encontros con profesionais de recoñecido prestixio, reunións de <i>brainstorming</i> entres os grupos, etc. Os responsables de cada prioridade científica levarán a iniciativa ao respecto e deberan estar aliñados ás prioridades definidas pol agrupación.
-------------------	--

INDICADORES	-20 accións de colaboración interna desenvolvidas.
--------------------	--

RESPONSABLES	Comité Executivo
---------------------	------------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
	PREVISTO					
	REAL					

Actividade 21: Elaboración de Materiais promocionais e informativos.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	Reforzar o posicionamento e notoriedade da marca CITEEC	EIXO DE ACTUACIÓN	COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN
------------------------------	---	--------------------------	-------------------------

DESCRICIÓN	Esta Actividade consiste na elaboración de diferente material divulgativo en diferentes soportes, incluído o audiovisual para dar a coñecer a Agrupación estratéxica. Estarán especificamente deseñados en función dos colectivos aos que se dirixan (público en xeral, estudantes,empresas e institucións,etc.).
-------------------	--

INDICADORES	-4 materiais producidos.
--------------------	--------------------------

RESPONSABLES	Coordinador
---------------------	-------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
PREVISTO						
REAL						

Actividade 22: Constitución dunha unidade técnica para o apoio nas labores de comunicación e difusión.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	Dotar á agrupación dunha estrutura de gobernanza	EIXO DE ACTUACIÓN	COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN
------------------------------	--	--------------------------	-------------------------

DESCRICIÓN	A unidade estará representada por unha persoa con perfil técnico orientada a dar soporte ás actuacións conxuntas de comunicación e difusión.
-------------------	--

INDICADORES	<ul style="list-style-type: none"> -1 unidade técnica de xestión da comunicación e difusión creada. - Contratación de persoal con perfil de comunicación.
--------------------	---

RESPONSABLES	Coordinador
---------------------	-------------

CRONOGRAMA	AÑO	2018	2019		2020	
	SEMESTRE	2º	1º	2º	1º	2º
PREVISTO						
REAL						